

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 24 DE XUÑO DO 2024

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e catro de xuño do dous mil vinte e catro, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria, dando comezo ás vinte horas.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca.

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Ibán Torres Rodríguez, D^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Doutón Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, D^a Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e Dna. Margarita López Rodríguez.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. José Luis Rodríguez Varela, D^a María Luisa Vázquez López e D. Emilio Iván Rodríguez.

Grupo do Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias e D. Manuel Luaces Fernández.

Grupo Mixto-Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Interventora accidental: D^a María Inmaculada Buján Arias

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 27 DE MAIO E 12 DE XUÑO DO 2024.

Sométense a votación as actas do pleno de 27 de maio e 12 de xuño do 2024, aprobándose por unanimidade.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 20.05.2024 AO 18.06.2024.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións no período comprendido entre o 20.05.2024 e o 18.06.2024.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO)

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

“Vista a necesidade de modificar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de construcións, instalacións e obras, para adaptala a realidade actual.

Visto o Informe da Intervención municipal.

Propónse ao PLENO da Corporación:

PRIMEIRO.- *A aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de construcións, instalacións e obras, nos seguintes termos:*

**ORDENANZA MUNICIPAL FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN,
INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO)**

ÍNDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO	
LEGAL.....	3
ARTIGO -2- NATUREZA E FEITO	
IMPOÑIBLE.....	3
ARTIGO -3- SUXEITOS	
PASIVOS.....	3
ARTIGO -4- BASE	
IMPOÑIBLE.....	3
ARTIGO -5-	
EXENCIÓN.....	4
ARTIGO -6- COTA	
TRIBUTARIA.....	4
ARTIGO -7-	
XESTIÓN.....	4
ARTIGO -8-	
BONIFICACIÓN.....	5
ARTIGO -9- ACTUACIÓN INSPECTORAS E RÉXIME	
SANCIONADOR.....	7
DISPOSICIÓN	
ADICIONAL.....	8
DISPOSICIÓN	
FINAL.....	8

1. Son suxeitos pasivos deste Imposto a título de contribuíntes:

As persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o ARTIGO 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible en que esta se realiza.

A efectos do disposto no apartado anterior teñen a consideración de donos da construción, instalación ou obra quen soporte o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo, teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, quen solicite as correspondentes licencias ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou os que realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

ARTIGO -4- BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible do Imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendendo por tal, o custo de execución material.

Non formarán parte da base imponible do imposto, de acordo co establecido no ARTIGO 102 do punto 1 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo os seguintes custos :

a) O Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)

b) As taxas, prezos públicos e outras prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra.

c) Os honorarios profesionais.

d) Os gastos xerais contemplados no ARTIGO 131.1 letra a) do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

e) O beneficio industrial do contratista.

2. O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, a instalación ou obra, aínda cando non se solicitase, concedese ou denegase a correspondente licenza ou cando non se presentase a comunicación previa ou declaración responsable.

ARTIGO -5- EXENCIÓNS

Estará exenta de pago do imposto, de acordo co establecido no ARTIGO 100 punto 1 do RD. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, a realización de calquera construción, instalación ou obra propiedade do Estado, da Comunidade Autónoma ou das Entidades Locais que están suxeitas ao imposto e sempre e cando as ditas obras sexan directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións, e das augas residuais, aínda que a xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos e tanto si se trata de obras de inversión como de conservación.

ARTIGO -6- COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 3%.
2. En ningún caso, a cota tributaria pode resultar inferior ás cotas mínimas seguintes, que serán aplicables en calquera caso, cando as derivadas da aplicación do tipo determinado no punto 1 deste ARTIGO sexa inferior ás cotas mínimas.

COTAS MINIMAS

Para obras de nova planta: 150,00€

Para obras menores de reforma e reparación ou peche: 75,00 €

ARTIGO -7- XESTIÓN

Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando non solicitándose, concedido ou denegado, se inicie a construción, instalación ou obra, o Concello practicará unha liquidación provisional a conta, agás no caso que se teña tramitada unha solicitude de bonificación, cuxo recoñecemento corresponde ao Pleno. Neste suposto practicarase a liquidación unha vez adoptado polo Pleno o correspondente acordo.

A estes efectos, o solicitante dunha licenza para realizar as construcións, instalacións ou obras, que constitúan o feito imponible deberá presentar no momento da solicitude o proxecto de obras e o orzamento de execución material. Este orzamento deberá estar visado polo Colexio Oficial correspondente, cando iso constitúa un requisito preceptivo, e será a base imponible deste imposto.

Cando o visado non constitúa un requisito preceptivo, a base imponible será determinada de acordo co orzamento presentado polo solicitante, baixo a forma de orzamento detallado por unidades de obra, memoria valorada ou proxecto técnico.

En calquera caso, declararase a obriga formal da presentación previa do presuposto da obra.

A cota resultante da liquidación provisional será o resultado de aplicar o tipo impositivo á base imponible.

Non obstante, se acompañan a esta ordenanza os seguintes anexos:

- **ANEXO 1** de referencia a efectos do cálculo da base imponible nas obras menores.
- **ANEXO 2** de referencia a efectos do cálculo da base imponible nas obras maiores.

En ningún caso a base imponible resultante dos orzamentos ou presupostos de execución material presentados polos interesados, tanto en obras maiores como menores con ou sen visado poderá ser inferior ao presuposto de referencia que resulte de aplicar o cálculo que figura nos ANEXOS.

Unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras, no caso de que o custo real e efectivo delas sexa superior ou inferior ao que serviu de base imponible nas liquidacións os suxeitos pasivos presentarán certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio

Oficial correspondente, e calquera outro documento que se considere oportuno para que se proceda á liquidación definitiva do imposto.

ARTIGO 8- BONIFICACIÓNS

Gozarán dunha bonificación na cota do imposto, polos porcentaxes que a continuación se indican, as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade por concorrer as seguintes circunstancias:

a) 50% na cota de imposto polas obras de rehabilitación realizadas dentro da actual delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos.

b) As porcentaxes que a continuación seguen na cota do imposto polas obras de nova implantación de actividades empresariais no Polígono Industrial de O Reboredo de Monforte de Lemos, e na Zona do Porto Seco.

Igualmente gozarán desta bonificación aquelas actividades empresariais que, polas súas propias características, non podan ser desenvolvidas en ditas zonas pero que reúnan o resto dos requisitos esixidos sempre que así sexa acordado polo Pleno da Corporación.

Consideraranse obras de nova implantación aquelas que inicien o exercicio da súa actividade no Municipio.

A estes efectos, non se considerará que se produciu o inicio do exercicio dunha actividade cando esta se desenvolvese anteriormente baixo outra titularidade.

Para a aplicación das bonificacións previstas neste apartado será necesario que as devanditas obras se acompañen da creación de novos postos de traballo, que deberán manterse polo menos nun prazo mínimo de 2 anos, contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.

B1) 95% Pola creación de 6 ou mais postos de traballo.

B2) 80% Pola creación de 5 postos de traballo.

B3) 70% Pola creación de 4 postos de traballo.

B4) 60% Pola creación de 3 postos de traballo.

B5) 50% Pola creación de ata 2 postos de traballo.

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade Social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea.*
- No réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, cando se trate de autoemprego.*

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza, xustificarse dende o momento da alta da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de 6 meses.

c) As porcentaxes que a continuación seguen na cota do imposto polas obras de traslado de actividades empresariais ao polígono industrial de O Reboredo de Monforte de Lemos, consideraranse obras de traslados aquelas que viñan exercéndose no municipio e que se trasladen ao Polígono Industrial de O Reboredo de Monforte de Lemos e na Zona do Porto Seco.

Para a aplicación das bonificacións previstas neste apartado, será necesario que as devanditas obras se acompañen da creación de novos postos de traballo, que deberán manterse polo menos nun prazo mínimo de 2 anos, contados dende a finalización das construcións, instalacións ou obras.

C1) 90% pola creación de 3 novos postos de traballo.

C3) 70% pola creación de 2 novos postos de traballo.

C5) 50% pola creación de 1 novo posto de traballo.

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade Social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea.*
- No réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, cando se trate de autoemprego.*

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza xustificarse dende o momento da modificación da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de 6 meses.

d) As porcentaxes que a continuación seguen na cota do imposto polas obras de ampliación ou reforma de actividades empresariais.

Entenderase por ampliación ou reforma as que alteren a configuración arquitectónica dos edificios, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.

Para a aplicación das bonificacións previstas neste apartado será necesario que as devanditas obras se acompañen da creación de novos postos de traballo, que deberán manterse polo menos nun prazo mínimo de 2 anos, contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.

D1) 95% pola creación de 2 ou máis novos postos de traballo.

D2) 80% pola creación de 1 novo posto de traballo.

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea.*
- No réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, cando se trate de autoemprego.*

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza xustificarse dende o momento da modificación da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de 6 meses.

Aos efectos das bonificacións previstas nos apartados B, C e D entenderase por empresariais as actividades previstas na Sección 1ª das Tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas aprobadas polo Real Decreto Lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro.

e) 50% na cota do imposto polas demais obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas, artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen, a solicitude dos interesados mediante memoria xustificativa en apoio de tal prestación.

f) 50% na cota do imposto pola instalación de paneis fotovoltaicos ou térmicos non obrigatorios, sempre que sexan autorizables e contén coa preceptiva licenza.

As bonificacións deberán solicitarse automaticamente á solicitude da licenza de obras, achegando a documentación que acredite a concorrencia das circunstancias que dean dereito as mesmas.

O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno, co voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente.

As devanditas bonificacións quedarán sen efectos por non cumprirse as condicións por razón das cales concedéronse as mesmas.

ARTIGO -9- ACTUACIÓNS INSPECTORAS E RÉXIME SANCIONADOR

1. Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda, podendo facer a inspección pertinente. A Inspección Técnica de Obras do Concello, poderá realizarse de xeito directo ou a través dunha empresa colaboradora contratada ó efecto.

2. Cando se presenten proxectos, memoraias valoradas e presupostos sen detallar as medicións e as unidades de obra, serán requeridos para completar a documentación necesaria.

3. A Inspección Técnica de Obras do Concello remitirá á Inspección dos Tributos a relación de construcións, instalacións e obras iniciadas ou realizadas sen licenza xunto coa valoración de estas co fin de que esta proceda á incoación das correspondentes actas de inspección.

4. A inspección e comprobación do imposto realizarase conforme ao previsto na Lei Xeral Tributaria.

5. O incumplimento da obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar liquidacións, constituirá unha infracción tributaria tipificada no ARTIGO 192 da Lei Xeral Tributaria. As demais infraccións tributarias se tipificarán conforme ao previsto na citada Lei.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

As disposicións desta ordenanza que, reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Se deroga a anterior Ordenanza municipal reguladora do Imposto de Construcións, instalacións e obras.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

ANEXO 1 - CUSTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS MENORES

Módulos para a obtención do orzamento de execución material das obras menores.

Establécense os seguintes módulos para calcular o orzamento de execución material mínimo das obras menores.

No listado que segue detállase, na primeira columna a base física na que se apoia o módulo entre as que distinguimos m^2 , m^3 , ml e ud, na columna central a tipoloxía da obra e na columna da esquerda o valor en euros (€) de cada unidade.

No caso de que a tipoloxía da obra non se atope contemplada no listado, aplicarase o módulo de acordo coa natureza da obra e os materiais que se vaian a empregar que máis se lle asemelle.

Para o cálculo do orzamento haberá que multiplicar o número de unidades de que conste a obra menor polo valor asignado a cada tipoloxía.

m^2 = Metros cadrados

m^3 =Metros cúbicos

ml=Metros lineais

ud=Unidade

Ud Partida Prezo [€]



UD	PARTIDA	PREZO €
m ²	Obras de reforma interior de instalacións e acabados	315,36
ACTUACIÓNS PREVIAS		€
m ²	Apeo estrutura	11,93
m ²	Levantado de material de cobertura	5,81
ml	Desmontaxe baixante e canlón	2,45
m ²	Demolición de pavimento	6,61
m ²	Picado e revestimento de recebo	6,48
m ²	Levantado azulexos e chapados	6,78
m ²	Demolición falsos teitos	3,39
m ²	Demolición de tabique	5,40
m ²	Levantado de carpintería	3,39
m ²	Apertura e formación de oco	64,71
ud	Levantado de mobiliario de cociña	140,80
ud	Levantado de sanitarios	10,53
ud	Levantado de radiador e accesorios	21,51
ud	Desmontaxe de instalación de calefacción	178,13
ud	Desmontaxe de instalación eléctrica	118,76
ml	Levantado de varanda ou reixa	3,14
RESTAURACIÓN		€
m ²	Limpeza de fachadas	7,45
m ²	Arrexuntado de fachadas de pedra	12,72
ud	Reparación e ancoraxe de pezas de fachada	7,64
m ²	Restauración carpintería de madeira	57,22
ml	Reparación de varanda	41,96
m ²	Reparación de reixa	52,63
m ²	Limpeza de cuberta	3,12
m ²	Retellar (substitución tellas rotas e colocación tellas fora de sitio)	9,37
m ²	Sistema de illamento técnico exterior	60,00
ACONDICIONAMENTO DO TERREO		€
m ²	Limpeza e nivelación de terras	2,15
m ³	Achega de terra vexetal	32,93
ml	Drenaxe de grava	15,75
ml	Drenaxe con tubo	25,12
m ³	Apertura de gabias a man	27,38
m ³	Apertura de gabias a máquina	32,14
m ³	Recheo e compactado de gabias	3,25
m ²	Pavimento continuo de formigón	39,28
m ²	Pavimento de lastros de granito	20,24
INSTALACIÓNS EXTERIORES		€
ud	Pozo de auga	1.789,91
m ³	Depósito de auga	218,70
ud	Instalación de fosa séptica	973,17



ud	Depósito de gas aéreo	1.212,56
ud	Depósito de gas enterrado	3.305,27
ud	Instalación de antena parabólica unitaria	588,01
ud	Instalación de antena parabólica colectiva	4.241,20
TABICARÍA		€
m ²	Tabique de ladrillo	18,00
m ²	Tabique de cartón xeso	29,49
m ²	Trasdosado interior con illamento térmico	40,00
m ²	Tabique vidro moldeado	88,51
ACABADOS		€
m ²	Revestimento de recebo e lucido	11,73
m ²	Azulexado	19,42
m ²	Chapado de pedra (granito, lousa, mármore ou similares)	75,52
m ²	Revestimento de paneis metálicos	48,42
m ²	Revestimento de paneis de madeira ou fibras	25,31
m ²	Revestimento de materiais plásticos	20,98
m ²	Revestimento monocapa continuo	21,03
m ²	Pintura plástica exterior	9,37
m ²	Pintura plástica interior	4,43
m ²	Recrecido morteiro de cemento	6,52
m ²	Pavimento de baldosas de terrazo	21,90
m ²	Pavimento de baldosas de pedra (granito, lousa, mármore, etc.)	85,44
m ²	Pavimento de baldosas de cerámica	25,89
m ²	Pavimento de madeira	60,44
m ²	Pavimento de materiais laminados (vinilo, PVC, goma)	26,85
m ²	Revestimento de material téxtil (fibras sintéticas, moquetas, etc.)	18,94
m ²	Soleira de formigón	26,73
ml	Chanzo	56,10
m ²	Falso teito continuo de escaiola ou xeso-cartón	16,91
m ²	Falso teito modular	21,09
CARPINTERIA E ACRISTALAMENTOS		€
m ²	Substitución carpintería de madeira exterior (incluído vidro)	300,00
m ²	Substitución carpintería de madeira interior	150,00
m ²	Substitución carpintería de aluminio (incluído vidro)	350,00
m ²	Substitución carpintería de PVC (incluído vidro)	350,00
m ²	Substitución carpintería de aceiro (incluído vidro)	300,00
m ²	Acristalamiento con vidro normal	23,74
m ²	Acristalamiento con dobre vidro	46,87
m ²	Acristalamiento vidro de seguridade	119,77
DEFENSAS		€
ml	Substitución de varanda de pedra (h=90 cm)	180,00
ml	Substitución de varanda metálica (h=90 cm)	100,00
ml	Porta blindada	973,17
m ²	Reixa metálica	67,70
m ²	Persiana de seguridade metálica	136,26



m ²	Celosía	50,45
CUBERTA		€
m ²	Cuberta de placas de fibrocemento	19,05
m ²	Cuberta de placas de aceiro galvanizado ou prelacado	29,20
m ²	Cuberta de tella	29,76
m ²	Cuberta de lousa	35,50
m ²	Cuberta de zinc	78,19
m ²	Cuberta de cobre	94,61
m ²	Impermeabilización de terraza ou cuberta plana	16,19
m ²	Illamento de cuberta	40,00
ml	Baixante de PVC	11,45
ml	Baixante de zinc-cobre-titanio	35,00
ml	Baixante de chapa de aceiro prelacado	20,00
ud	Gardacanos fundición ata h= 2 m	111,72
ml	Canlón de PVC	17,75
ml	Canlón de zinc-cobre-titanio	35,00
ml	Canlón de chapa de aceiro prelacado	24,99
ud	Claraboia	184,91
INSTALACIÓNS INTERIORES		€
ml	tubo de fontanería instalada	5,02
ud	Instalación rede auga fría e quente aseo (lavabo + inodoro)	133,00
ud	Instalación rede auga fría e quente aseo (lavabo + inodoro + ducha)	161,67
ud	Instalación rede auga fría e quente baño completo	220,96
ud	Instalación rede auga fría e quente cociña	165,73
ud	Lavabo	168,31
ud	Inodoro	239,52
ud	Ducha	161,61
ud	Bañeira	181,26
ud	Bidé	142,41
ud	Urinario	131,23
ud	Fregadeiro	192,57
ud	Lavadoiro	150,80
ud	Termo eléctrico	272,60
ud	Quentador gas	353,02
ud	Instalación de gas interior de vivenda	306,08
ud	Caldeira mural para calefacción	1.184,38
ud	Caldeira mural para calefacción e auga quente	1.766,06
ud	Instalación completa de calefacción en vivenda	4.980,26
ud	Instalación completa de rede eléctrica en vivenda	1.706,37
ud	Instalación completa de aire acondicionado en vivenda	1.562,13
ud	Instalación completa de auga fría e quente en vivenda	701,04
ELEMENTOS ASOCIADOS A FACHADAS		€
m ²	Toldo	142,41
m ²	Marquesiña	224,42
m ²	Rótulo opaco	329,07
m ²	Rótulo luminoso	456,38
m ²	Carteleira publicitaria	34,53



m ²	<i>Pintura de anuncios, rótulos, etc.</i>	142,41
m ²	<i>Lápida</i>	62,59
VALOS E PECHES		€
m ²	<i>Limpeza, consolidación ou reparación de peches</i>	13,12
m ²	<i>Colocación valo de obra</i>	6,25
ml	<i>Chantos de pedra</i>	25,89
ml	<i>Peche de postes e arame</i>	18,34
m ²	<i>Peche de postes e tea metálica</i>	18,95
m ²	<i>Peche metálico</i>	57,18
m ²	<i>Peche fundición</i>	90,63
m ²	<i>Peche bloque ou ladrillo para revestir, incluído revestimento</i>	33,31
m ²	<i>Peche fábrica bloque ou ladrillo visto</i>	45,86
m ²	<i>Peche fábrica de pedra</i>	98,41
m ³	<i>Formigón armado en formación de muro</i>	180,00
m ²	<i>Porta metálica entrada a parcela</i>	150,00
m ²	<i>Porta fundición entrada a parcela</i>	204,99
ud	<i>Formación entrada a parcela, incluída canalización</i>	383,01
URBANIZACIÓN		€
ml	<i>Colocación de encanamentos de fibrocemento no subsolo</i>	196,38
ml	<i>Canalización de saneamento de formigón soterrada i/ obra s/ pavimento</i>	42,00
ml	<i>Canalización de saneamento de PVC/PE/PPR corr/liso soterrada i/ obra s/pavimento</i>	44,00
ml	<i>Canalización de abastecemento de fundición soterrada i/ obra s/ pavimento</i>	62,00
ml	<i>Canalización de abastecemento de polietileno/PVC soterrada i/ obra s/ pavimento</i>	41,00
ml	<i>Canalización de abastecemento de fundición soterrada i/ obra s/ pavimento</i>	64,00
ud	<i>Colocación de postes de madeira en vía pública i/ obra civil</i>	280,00
ud	<i>Colocación de postes de formigón BT en vía pública i/obra civil</i>	620,00
ud	<i>Colocación de postes de formigón MT en vía pública i/cruceta</i>	1.200,00
ud	<i>Colocación de torre celosía MT i/ obra civil</i>	1.500,00
m	<i>Colocación de torre celosía comunicación /por ml i/ obra civil</i>	800,00
ml	<i>Rede de gas soterrada i/ arquetas e obra civil s/pavimento</i>	32,00
ml	<i>Rede de telecomunicacións soterrada i/ arquetas e obra civil s/pavimento</i>	28,00
ml	<i>Liña BT alumeado soterrada i/ arquetas e obra civil s/pavimento</i>	38,00
ml	<i>Liña BT alumeado aérea i/ postes formigón/madeira e obra civil</i>	24,00
ml	<i>Liña BT soterrada i/ arquetas e obra civil s/pavimento</i>	52,00



ml	Liña BT aérea pousada s/ fachada i/ accesorios	19,00
ml	Liña BT aérea i/ postes formigón/metálico e obra civil	32,00
ml	Liña MT soterrada i/ arquetas e obra civil s/pavimento	68,00
ml	Liña MT aérea i/ acces., postes formigón/metálico e obra civil	42,00
m ²	Rotura/reposición de pavimento para canalizacións – baldosa hidráulica beirarrúas	45,00
m ²	Rotura/reposición de pavimento para canalizacións – aglomerado en quente	19,00
m ²	Rotura/reposición de pavimento para canalizacións – asfalto	15,00
ud	Arqueta de rexistro de obra 40x40 c/tapa	95,00
ud	Pozo de rexistro de obra D0, 80/1,00x1,20/1,50 m c/tapa	580,00
ud	Luminaria viaria de alumado público i/accesorios	290,00
ud	Luminaria ornamental de alumado público i/accesorios	360,00
ud	Apoio metálico (columna, báculo) alumado público i/obra civil	450,00
ud	Centro de mando de alumado público	1.600,00
ud	Centro de transformación MT/BT aéreo i/accesorios, PAT, ...	12.000,00
ud	Centro de transformación MT/BT en caseta i/obra civil, accesorios, PAT, ...	36.000,00
ud	Centro de seccionamento en caseta s/ telecontrol	21.000,00
ud	Centro de seccionamento en caseta c/ telecontrol	32.000,00
	OUTROS	€
ud	Instalación de ascensor o elevador B+1 (por cada planta a maiores 1000€)	12.000,00
kWp	Instalación fotovoltaica i/estrutura, accesorios, ... (sen batería)	1.000,00
kWp	Instalación fotovoltaica i/estrutura, accesorios, ... (con batería)	1.800,00
m ²	Instalación solar térmica i/ accesorios (por m ² de captador)	220,00

Para o cálculo da liquidación tomarase coma orzamento de referencia o maior dos seguintes:

- Orzamento de execución material obtido segundo os módulos básicos.
- O aportado polo interesado, sempre que sexa superior.

ANEXO 2 - MANUAL PARA OBTEN O PRESUPUESTO DE EXECUCIÓN MATERIAL DAS OBRAS MAIORES: ORZAMENTO DE REFERENCIA

1. Normas xerais: criterios de valoración.

1. Un traballo considerarase incluído no punto que lle corresponde de acordo co destino predominante da superficie, incluíndose as superficies con destinos minoritarios, só se dividirá en varios puntos cando cada destino minoritario supere o 20% da superficie total; neste caso valorarase independentemente.

2. A superficie total construída é a suma de cada unha das plantas do edificio, medida dentro dos límites definidos polas liñas de fachada, tanto interiores como exteriores e os eixes de medianeras compartidos se se da o caso.

2. Estimación simplificada dos orzamentos de execución material da edificación.

2.1.- Definicións

Mb.- Módulo básico.

Mc.- Módulo de construción ou de referencia.

S.- Superficie total construída en m²

Ct.- Coeficiente corrector en función da tipoloxía da edificación.

Cu.- Coeficiente corrector en función do uso da edificación.

Pemb.- Orzamento de execución material segundo módulos básicos.

Pem.- Orzamento de execución material do proxecto.

2.2.- Valores de aplicación

2.2.1. Módulo básico (MB).

Establécese un prezo en €/m² de edificación da tipoloxía da edificación aplicábel ás distintas construcións.

Mb=520,00 €/m².

2.2.2. Superficie construída por uso:

Un traballo considérase ou non incluído no apartado que lle corresponde de acordo co uso predominante da superficie, no que se inclúen as superficies con destinos minoritarios, tal e como se especifica no punto 1.1.

2.2.3. Coeficiente por tipoloxía (CT)

1.- En edificacións de nova planta e adicións:

<i>1,20</i>	<i>Edificación illada (4 fachadas) vivenda familiar illada e sotos 3º e seguintes.</i>
<i>1,10</i>	<i>Agrupación en fila, sotos 1º e 2º.</i>
<i>1,00</i>	<i>Edificio en rueiro pechado, edificación aberta vivenda colectiva</i>

2. En obras de reforma e rehabilitación:

<i>1,20</i>	<i>Rehabilitación total, incluído desmontar fachadas.</i>
<i>1,00</i>	<i>Adecuación interior de plantas baixas e entrecháns, rehabilitación integral do edificio conservando só fachadas.</i>
<i>0,65</i>	<i>Rehabilitación de instalacións e acabados.</i>
<i>0,50</i>	<i>Reformas que afecten só a elementos estruturais. Reforma completa de cuberta.</i>
<i>0,35</i>	<i>Rehabilitación de fachadas e substitución de carpintería e peches (referido á superficie de fachada).</i>
<i>0,07</i>	<i>Demolicións e derrubamentos (aplicada á superficie que se vaia demoler).</i>

2.2.4. Coeficiente de uso (CU)

Segundo o tipo de edificación:

1,60	Auditorios, museos, teatros, hoteis de 5 estrelas, edificios bancarios.
1,50	Hospitais, laboratorios.
1,40	Bibliotecas, facultades e escolas universitarias, hoteis de catro estrelas, edificios penitenciarios, terminais marítimas e aéreas.
1,30	Clubs sociais, cines, centros de saúde, balnearios, hoteis de tres estrelas, salas de festas, discotecas, colexios con residencia.
1,20	Casas de cultura, casas consistoriais, locais bancarios, consultorios, centros de culto, cuarteis e matadoiros.
1,10	Vivenda, hoteis de dúas estrelas, residencias universitarias, moteis.
1,00	Residencias VPO, oficinas, garderías, centros escolares, hoteis dunha estrela, ambulatorios, hostais-residencia, restaurantes, estacións de autobuses, salas de exposicións, piscinas cubertas.
0,90	Bares, mercados.
0,80	Centros comerciais, pavillóns deportivos cubertos, vestiarios, bungalows, servizos cámping.
0,65	Edificios de estacionamento, locais comerciais, establecementos comerciais, industria escaparate.
0,50	Piscinas descubertas, cemiterios.
0,40	Garaxes e estacionamentos, estacións de servizo.
0,35	Trasteiros, locais en planta baixa ou semisoto sen uso específico, terrazas asoportaladas e terrazas abertas.
0,30	Almacéns e naves industriais, instalacións deportivas descubertas, naves, granxas, cubertos, depósitos, bancadas, panteóns (por nicho).
0,15	Acondicionamento de naves con obras mínimas.
0,10	Proxectos de urbanización (adsritos a edificacións), áreas deportivas, parcelas cámping.
0,05	Xardíns, pistas de terra e formigón, piscinas privadas, tratamento de espazos exteriores, acondicionamento de terreos.

2.3.- Estimación simplificada dos orzamentos de execución material da edificación.

2.3.1. Módulo de construción:

$$Mc = MbxCtxCu$$

2.3.2. Presuposto de execución material segundo módulos básicos

$$Pemb = MbixSi$$

Mbi. Módulo de acordo coa construción que corresponda ao destino dominante da superficie.

Si. Módulo de acordo coa construción que corresponda ao destino dominante da superficie.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Ibán Torres explicando a proposta da Alcaldía, trátase dunha adecuación do imposto á casuística do Concello. Esta ordenanza leva sen renovarse dende o ano 2004, a intención do Alcalde e actualizala e adaptala aos tempos actuais.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles vanse abster.

Intervén D^a Katherinie Varela di que o seu sentido do voto será a abstención. Entenden que agora abrírase un espazo de tempo para presentar alegacións. Están de cordo que é necesario modernizar esta ordenanza.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte.

4º.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 44/2024: SUPLEMENTO DE CRÉDITO NO ORZAMENTO DO CONCELLO DE 2024, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN DOUTRAS PARTIDAS, POR IMPORTE DE 105.000,00 €

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

“ANTECEDENTES:

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 25 de marzo de 2024 o expediente núm. 23/2024 de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario por importe de 1.743.208,18 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, e definitivamente o 27 de abril de 2024 ó non terse recibido alegación algunha ó expediente, coa publicación no BOP de Lugo núm. 098, co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS			
APLICACIÓN	CONCEPTO	SUPLEMEN TO DE CRÉDITO	CRÉDITO EXTRAORDINA RIO
342.632.00	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN, DEPORTES		272.100,00
342.632.01	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN, DEPORTES		52.126,48
342.623.00	INVERSIÓN NOVA EN INSTALACIÓNS TÉCNICAS, DEPORTES		15.200,00
342.227.06	XESTIÓN PISCINA MUNICIPAL	180.000,00	
920.632.01	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN, GARAXE DO CONCELLO		30.000,00
1532.619.05	URBANIZACION ZONA D	262.000,00	
1621.227.00	MODIFICACIÓN DE CONTRATO DE RECOLLIDA DE LIXO	100.000,00	
4311.632.00	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN, MERCADO GANDEIRO		65.000,00
1532.619.01	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUTURAS E BENS, URBANO		566.781,70
454.619.02	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUTURAS E		75.000,00

Acta pleno ordinario 24.06.2024

	<i>BENS, RURAL</i>		
338.226.99	<i>FESTEXOS E ACTUACIÓNS CULTURAI</i>	110.000,00	
171.633.00	<i>REPOSICION PARQUE COLEXIO A GÁNDARA</i>		15.000,00
	<i>TOTAL</i>	652.000,00	1.091.208,18
			1.743.208,18

<i>ESTADO DE INGRESOS</i>		
<i>CONCEPTO</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>IMPORTE</i>
870.00	<i>Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais</i>	1.743.208,18

Vista a execución orzamentaria das partidas incluídas no expediente antedito existe a posibilidade de modificar o importe destinado a algunhas das finalidades previstas na modificación e destinar o crédito a financiar outros gastos, é por iso que se pretende incrementar o crédito das partidas adicadas a actividades musicais e culturais do verán de 2024, financiándose do seguinte xeito:

Financiamento: Baixa por anulación do crédito nas partidas seguintes:

<i>APLICACIÓN</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE DA BAIXA PROPOSTA</i>
1532.619.01	<i>INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUTURAS E BENS, URBANO</i>	105.000,00

Suplemento: O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas económicas que se desprenden das seguintes partidas:

<i>APLICACIÓN</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>SUPLEMENTO DE CRÉDITO</i>
338.226.99	<i>ACTIVIDADES CULTURAI E MUSICAIS DE VERÁN</i>	105.000,00

En consecuencia, e tendo en conta a aprobación dos expedientes de modificación orzamentaria tramitados xa durante o exercicio, logo de ver o informe de Intervención que consta no expediente e considerando a inexistencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias de referencia no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, **proponse** ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito financiado con baixa por anulación do crédito (expediente 44/2024) co seguinte detalle:

<i>APLICACIÓN</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE DA BAIXA PROPOSTA</i>
1532.619.01	<i>INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUTURAS E BENS, URBANO</i>	105.000,00

<i>APLICACIÓN</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>SUPLEMENTO DE CRÉDITO</i>
-------------------	-----------------	------------------------------

338.226.99	ACTIVIDADES CULTURAIS E MUSICAIS DE VERÁN	105.000,00
------------	---	------------

- 2) *Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez. Manifesta que se vai a abster. Gustaríalle saber a que se van adicar estes 105.000,00 euros.

Intervén D. Emilio José Sánchez. Manifesta que o que se propón neste cambio nesta modificación, cando se acaba de aprobar o 27 de abril os remanentes ben a poñer de manifesto unha falta de previsión. Se todo fose previsible, se se fixeran as cousas con sentido, a non ser que houbera un cambio de última hora, debería terse previsto o pasado 27 de abril.

Intervén D^a Katherinie Varela di que o seu sentido de voto será a abstención, porque é o seu goberno. Simplemente comenta que este suplemento de crédito se pasa de reposición de infraestruturas para actividades culturais. Manifesta que Monforte merecese máis que o asfalto e as festas. Queren ver outro tipo de iniciativas na cidade.

Intervén o Sr. Alcalde e pregúntase si non ve o cambio que pegou Monforte e si non ve os investimentos, que están mellorando as infraestruturas da cidade. Manifesta que sabe, como él, que non hai so asfalto e festas. En relación co destino das cantidades que se modifican aclara que irán destinadas ao Verán Cultural. Continúa manifestando que, posiblemente, puidose facer no mes de abril, pero agora que están as cousas máis concretas e se sabe o que vai custar o Verán Cultural, por iso o fan agora. Diríxese á portavoz do Grupo municipal Popuar e manifesta que D^a Katherinie debería estar contenta. Está criticando que se asfalta, logo debería estar satisfeita que se recorte en asfalto. O obxectivo é que, unha vez coñecido o que vai custar o Verán Cultural, hai que dotar destes fondos para pagar axeitadamente estas actividades culturais, dese rico programa cultural de verán.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría, con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

5º.- APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA REGULADORA DO USO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS E DE TRANSPORTE DE MADEIRA NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

O ditame é favorable á proposta con sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcribese a proposta:

O Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos, con data 14.06.2024 emite informe do tenor literal seguinte:

“INFORME DA SECRETARÍA XERAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS SOBRE A APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO USO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS E DE TRANSPORTE DE MADEIRA NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias “as potestades regulamentarias e de autoorganización” no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que “na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis”. Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites

formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

a.- Consulta pública previa.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública (artigo declarado contrario ao orde constitucional de competencias nos termos do fundamento jurídico 7º.b) e c) da Sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio, se ben tal circunstancia non afecta á necesidade dos órganos de goberno locais de realizar a consulta pública previa á elaboración dun proxecto de regulamento)

Consta no expediente consulta pública previa aprobada no pleno celebrado o día 25.03.2024 mediante inserción na páxina web do Concello de Monforte de Lemos. Igualmente consta que dentro do prazo de consulta pública, non se presentaron suxerencias á aprobación da ordenanza.

b.- Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c.- Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d.- Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

e.- Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.

f.- Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”

g.- Entrada en vigor.

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran en vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requirimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- O artigo 153 no seu apartado 4 da Lei 39/2015 sinala “Podrá prescindirse de los trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos en este artículo en el caso de normas presupuestarias u organizativas de la Administración General del Estado, la Administración autonómica, la Administración local o de las organizaciones dependientes o vinculadas a éstas, o cuando concurran razones graves de interés público que lo justifiquen”. O Regulamento de Honras e Distincións cuxa aprobación propónse ao pleno entra claramente no concepto de regulamento organizativo, polo que é unha das excepcións contempladas no citado artigo, polo que non é precisa tal consulta pública.

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL esixe a maioría absoluta polo seu carácter de regulamento orgánico.

*Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de aprobación inicial da **ORDENANZA REGULADORA DO USO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS E DE TRANSPORTE DE MADEIRA NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.***

É canto procede informar”

Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a *ORDENANZA REGULADORA DO USO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS E DE TRANSPORTE DE MADEIRA NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.*”.

SEGUNDO.- *De acordo co disposto no art. 49 b) LRBRL, abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación.*

TERCEIRO.- *Dispoñer que, de acordo co establecido no art. 49 da LRBRL, no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Ibán Torres explicando a proposta da alcaldía sobre a ordenanza reguladora do uso especial do dominio público local, polas actividades extractivas e de transporte de madeira no Concello de Monforte de Lemos.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que xa trouxeron aquí unha petición ao Pleno, algo que entenden que é necesario, atende a moitas das demandas da veciñanza e, sobre todo, polo estado como quedan os camiños. Di que eles a estudiaran a fondo e se procede, presentaran alegacións para mellorala.

Intervén D. Emilio Iván Vázquez di que coinciden co problema que ocasiona a actividade, sobre todo en períodos invernaís. Parcelles adecuado e oportuno elaborar esta normativa para regular este tipo de actividade. Manifesta que a súa posición será a abstención xa que non teñen moi claro a comunicación ou autorización. Se é unha comunicación non lle queda moi claro o tema das fianzas. Esixelles un seguro de responsabilidade civil, e este custo se vaise repercutir no propietario da madeira. O tema das sancións lles parece peculiar. É curioso que se califican as graves, e sen embargo, as leves son todo o que non é grave nin moi grave. Di que se farán as propostas para mellorar este tipo de normativa. E curioso que cando se deposita a fianza, se deposita na tesourería do Concello de Lugo, tamén solicitan que se revise ese copia pega, algúns son moi expertos niso.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o aval é unha cousa e a responsabilidade civil é outra. En relación a erros que poida haber serán corrixidos. Manifesta que consultaron moitas das ordenanzas que hai, en todos os Concellos. Posiblemente ese párrafo se mirou dese concello. En resúmen, é necesario ter unha normativa por canto, efectivamente, a madeira hai que sacala pero tamén o que non pode ser é que se estropeen as vías públicas e ninguén se faga responsable.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e cinco abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

6º.- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS Ó PLAN DE REXENERACIÓN DO FIRME DA RÚA SANTIAGO.

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

"O Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos, con data 14.06.2024 emite informe do tenor literal seguinte:

“Feitos

1º.- Con data 26 de abril de 2024 publicouse no DOGA o anuncio polo cal se sometía a información pública a aprobación inicial do expediente de expropiación forzosa para a obtención dos bens necesarios para a realización do proxecto de expropiación, por taxación conxunta, dos terreos, bens e dereitos necesarios para a realización das obras de rexeneración do firme da Rúa Santiago .

2º.- No prazo de presentación de alegacións, presentáronse as seguintes:

DON JOSÉ CARLOS LÓPEZ VALCARCEL E DON JUAN RODRÍGUEZ ARIAS

DONA PURIFICACIÓN ARIAS VÁZQUEZ E DON ALFREDO ÁLVAREZ VÁZQUEZ

3º.- ALEGACIÓN DE DON JOSÉ CARLOS LÓPEZ VALCARCEL e DON JUAN RODRÍGUEZ ARIAS

Á alegación presentada por DON JOSÉ CARLOS LÓPEZ VALCARCEL e DON JUAN RODRÍGUEZ ARIAS acompáñase a seguinte documentación:

.- Escritura de compravenda outorgada en Monforte de Lemos o 2 de agosto de 1957 #ante o notario Don Antonio Bascón Martínez Campos baixo o nº 560 do seu Protocolo (Documento nº 1). Indícase que dita leira limita ao Oeste con camiño de servidume.

.- Documento privado de compravenda de leira rústica asinado en Monforte o 31 de marzo de 1960 (Documento nº 2) .Indícase que dita leira limita ao Oeste con camiño de servidume.

.- Documento privado de compravenda de leira rústica asinado en Monforte de Lemos o 5 de xaneiro de 1974 (Documento nº3) .

.- Documento particional de data 29 de xuño de 1979 , referido á leira denominada "Veiga" (Referencia Catastral 1690064PH2019S). Indícase que a mesma linda ao Oeste con camiño de servidume.(Documento nº 4).

.- Documento privado de compravenda de leira rústica asinado en Monforte de Lemos o 25 de outubro de 1.979 (Documento nº 5).

.- Acta Notarial realizada polo Notario José Antonio da Cruz Calderón no 5 de marzo de 1992 sobre o estado do camiño que parte da rúa Chantada e finaliza na leira denominada Veiga . Na cal se deixa patente a privacidade dun camiño de servidume de anchura media aproximada de dous metros. (Documento nº 6) .

.- Partición Extraxudicial asinada en Monforte de Lemos o 28 de outubro de 1.993

(Documento nº 7)

.- Documento privado de modificación e ordenación do camiño de servidume asinado en Monforte de Lemos o 16 de abril de 1.994 polo cal os lindeiros acceden á cesión de terreo privado para alargar o devandito camiño de servizo para o seu propio servizo .(Documento nº 8).

Documento nº 9 escrito presentado ante o Concello con número de rexistro 2023/00006695.

Doc.10 .- Informe Pericial do Enxeñeiro Técnico Agrícola Don Pedro Ángel Armesto Santos

Doc. 11 . Factura Reparación firme.

Doc. 12 .- Nota Simple Rexistro da Propiedade de Monforte da vivenda sita no nº 77 da Rúa Chantada ,no que se fixan como linderos sur e oeste "camiño de servidume".

Doc. 13 .- Rexistro de Entrada de solicitude dirixida ao Concello de Monforte para bachear 100 metros do camiño de uso privado que ten entrada pola rúa Chantada entre os números 77 e 79 Doc 14. Ampliación Informe Pericial.

Conclúe manifestando que a parte do camiño á que se refire non forma parte da rede viaria municipal e que se trata dun camiño de servizo privado derivado dunha antiga serventía, sendo por tanto de titularidade privada, polo que debería ser, en todo caso, obxecto de expropiación. Sucede que ao non estar contemplado nas Normas Subsidiarias, non estaría permitida a apertura de camiños.

4º.- ALEGACIÓN DE DONA PURIFICACIÓN ARIAS VÁZQUEZ E DON ALFREDO ÁLVAREZ VÁZQUEZ

Alegan que no expediente de expropiación notificado se realiza a valoración da leira correspondente á RC 1491039PH2019S0001BD, valorando a expropiación na cantidade de 324,41 euros ao considerar que a superficie para expropiar serían 58m2 a razón de 5,12 euros/m2

Mostran a súa disconformidade coa superficie, tomada como referencia, para cuantificar o prezo xusto xa que consideran que a superficie obxecto de expropiación abarca maior terreo

Alegan que na delimitación de Catastro pódese observar que a propiedade abarca o camiño que transcorre xunto a canle na parte sureste da parcela, así como que tamén comprende parte do camiño sur que transcorre paralelo ao albergue. Manifestan que a invasión deste terreo produciuse polo ensanche progresivo do paso estreito que existía xunto á canle, transformándose no camiño que actualmente se ve na foto, que acompañan; así como o establecemento dunha servidume de paso que formou o camiño que transcorre xunto ao albergue. Manifestan, igualmente que, en ambos os casos consentiuse a formación dos actuais camiños para o seu uso, pero non se cedeu a súa propiedade, matizando que a formación de ambos os camiños é recente (inferior a 30 anos).

Alegan que, de acordo coa delimitación do Catastro a superficie a expropiar é maior e solicitan unha revisión da cantidade a abonar que cifran en 620,22 euros, considerando a superficie a ocupar en 117,75 m2.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

ALEGACIÓN DE DON JOSÉ CARLOS LÓPEZ VALCARCEL E DON JUAN RODRÍGUEZ ARIAS

PRIMEIRA.- A STS do 6 de febreiro de 2012 (RC 5700/2008) na materia de titularidade dominical das leiras nos expedientes expropiatorios constitúe regra xeral que o expediente se entenda co propietario do ben expropiado, isto é, con quen, salvo proba en contrario, apareza como tal nos rexistros públicos que, como o da Propiedade, producen presunción de titularidade unicamente destruíble mediando intervención xudicial (artigo 38 da Lei 18 Hipotecaria).

SEGUNDA.- En defecto de inscrición no Rexistro da Propiedade as actuacións, de acordo con a citada Sentenza, terán que seguirse coas persoas ás que os rexistros fiscais e administrativos atribúan esa condición ou, en último termo, coas que o sexan pública e notoriamente. Así se expresa, con parecidos termos, o artigo 3 da Lei de Expropiación Forzosa.

TERCEIRA.- Tratándose de bens inmobles, cal é o caso, en primeiro lugar se reputa dono ou titular de dereitos sobre os mesmos a quen resulte selo conforme ao Rexistro da Propiedade. Só na súa falta, isto é, subsidiariamente, merece esa condición quen a acredite en virtude de rexistros administrativos e en último lugar, a falta tamén dos mesmos, a quen notoria e publicamente téñaselle por tal (véxase neste sentido a Sentenza do 26 de xaneiro de 2005 -recurso 2026/01-).

CUARTA.- O artigo 5 da Lei de expropiación forzosa dispón que tamén serán parte no expediente quen presente «títulos contraditorios» sobre o obxecto para expropiar, expresión que alude a unha contraposición irresoluble prima facie porque as diferentes credenciais néganse mutuamente, aínda que algunha delas beneficiase dunha presunción que non deixa de ser iuris tantum (artigos 38, parágrafo primeiro, e 97, en relación co 1, parágrafo terceiro, da Lei Hipotecaria) e que, por conseguinte, pode destruírse ante quen teña a potestade xurisdiccional e a competencia para decidir de forma definitiva e firme sobre a titularidade.

QUINTA.- Debe darse por existente o dereito que figure inscrito mentres non exista contradición; dereito que, de haber oposición, pode ser destruído, pero nun proceso civil, cando a contradición de títulos dáse entre particulares e nun recurso contencioso-administrativo cando, como no presente caso, a contradición dáse entre particulares e o Concello de Monforte de Lemos, procesos nos que terá que resolverse dita contradición (véxanse, por todas, as Sentenzas do 17 de novembro de 2004 -recurso 5402/2000-; 15 de novembro de 2006 -recurso 7726/03-; e 1 de decembro de 2008 -recurso 3910/2005-).

SEXTA.- A cuestión a resolver no presente expediente é se os alegantes presentaron o "título contraditorio" no sentido do artigo 5.2 LEF que demostre a súa titularidade en contra da titularidade municipal. Pois ben, como declara a Sentenza do 11 de novembro de 2008 -recurso 3292/2005-, hai títulos contraditorios cando dous documentos atribúen claramente a propiedade dun mesmo obxecto a persoas distintas, de maneira que non poden ambos os ser eficaces á vez. Con todo, non é isto o que ocorre no presente caso xa que, como consta nas actuacións obrantes no expediente.

Da documentación achegada pode constatar, con claridade, que os alegantes non formalizaron a titulación e non aparece inscrita no Rexistro da Propiedade. Por tanto non se pode recoñecer a condición de propietario do chan interesado. É dicir, que en vía administrativa os alegantes non puideron acreditar, a xuízo do que subscribe, a condición de propietarios do chan afectado polo proxecto expropiatorio a que se contraen as actuacións, polo que non cabe invocar a existencia dun "título contraditorio" no sentido do artigo 5.2 da LEF, pois as escrituras presentadas non atribúen a propiedade do terreo e, en consecuencia, non se achegou título algún que cuestionase a titularidade municipal, reflectida na ficha do catastro.

Acta pleno ordinario 24.06.2024

SÉTIMA.- Os documentos privados achegados polos alegantes non reúnen as condicións necesarias para destruír a documentación obrante nos rexistros administrativos (planimetría catastral) e, como expresa a STS do 27 de abril de 2010, a única verdadeira cuestión que se debe resolver é a da valoración de proba, a saber, se os documentos privados achegados reúnen as condicións necesarias para destruír os datos existentes nos rexistros administrativos.

Como neste caso a resposta é negativa é evidente que debe terse por titular a quen o é nos rexistros públicos (Catastro) pois iso é precisamente o que ordena o art. 3 LEF ao dispoñer que "salvo proba en contrario, a Administración expropiadora considerará propietario ou titular a quen con este carácter conste en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade, que só pode ser destruída xudicialmente, ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, a que o sexa pública notoriamente.

OITAVA.- A Arquitecta municipal do Concello de Monforte de Lemos, con data 11 de xuño de 2024, emite o seguinte informe:

"Polo Secretario do Concello solícitase información sobre ou tramo do camiño sinalado cunha trama en cor maxenta, correspondente ao dá rúa de Santiago, desta Cidade.

Procede informar:

Segundo comprobación realizada non Punto de Información Catastral deste Concello, a porción de terreo sinalada forma parte dunha vía de dominio público."

NOVENA.- O Xefe do servizo de expropiacións e control de proxectos da Deputación Provincial de Lugo, con data 14 de xuño de 2024, emitiu o seguinte informe:

"Con data do 25/03/2024 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos aprobou inicialmente o proxecto de expropiación polo método de taxación conxunta, recollido no artigo 118 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para a obtención dos terreos, bens e dereitos da Rúa Santiago, de acordo ao proxecto técnico denominado "Plan de obras para la regeneración del firme de la calle Santiago", redactado polo arquitecto Ramón Carlos Fernández Losada.

Durante o período de exposición ao público, dun mes de duración, D. José Carlos López Valcárcel e D. Juan Rodríguez Arias o 24/05/2024 presentaron varias alegacións no Concello de Monforte de Lemos, con número de rexistro de entrada 202413057, ao citado proxecto expropiatorio dentro do tramo da Rúa Santiago comprendido entre o cruce coa rúa Chantada e a finca de referencia catastral 1690064PH2019S denominada "Veiga".

Como no proxecto de expropiación por taxación conxunta citado non se contempla a adquisición de ningún terreo, ben ou dereito no tramo antes referenciado, non procede tomar en consideración as alegacións presentadas polos recorrentes, polo tanto, as alegacións presentadas non se refiren a cuestións de bens expropiados senón a cuestións de titularidade dominical, alleas ó expediente expropiatorio.

En consecuencia, o que subscribe informa que procede:

A desestimación das alegacións presentadas por D. José Carlos López Valcárcel e D. Juan Rodríguez Arias."

ALEGACIÓN DE DONA PURIFICACIÓN ARIAS VÁZQUEZ E DON ALFREDO ÁLVAREZ VÁZQUEZ.

O Xefe do servizo de expropiacións e control de proxectos, da Deputación Provincial de Lugo con data 14 de xuño de 2024, emitiu o seguinte informe:

“1.- ANTECEDENTES.

Con data 25 de marzo de 2024, o Pleno do Concello de Monforte de Lemos aprobou o proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución da Rúa Santiago.

Dentro do prazo de un mes de exposición pública, que sinala o artigo 118 da Lei 2/2016 de solo de Galicia, enviáronse as notificacións individuais aos propietarios afectados, e entre elas a relativa a Dona Purificación Arias Vázquez e Don Alfredo Álvarez Vázquez.

2.- FEITOS.

1.- Con data 10 de maio de 2024 os referidos propietarios presentaron unha alegación no Concello de Monforte de Lemos, onde reclaman unha maior superficie a expropiar que a que figura no proxecto de expropiación por taxación conxunta, baseándose en que no Catastro figura a súa finca abarcando unha parte da Rúa Santiago.

2.- Na memoria descritiva do proxecto de “Regeneración del firme de la calle Santiago”, redactada polo arquitecto Ramón Carlos Fernández Losada en outubro de 2023, aprobado en 25 de marzo de 2024 e exposto ao público, di textualmente:

“Las obras que se proyectan consisten en la mejora del firme de la vía que se detalla a continuación :

Calle Santiago, ancho medio 5,97m.

La vía que se incluye en el presente proyecto, forma parte de la red viaria municipal del Ayuntamiento de Monforte de Lemos”

3.- CONCLUSIÓNS.

Por todo o exposto anteriormente, infórmase que procede desestimar a inclusión da superficie solicitada a maiores por formar parte da rede viaria municipal xa consolidada . “

Polo anteriormente exposto, a xuízo do que subscribe, procede que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por DON JOSÉ CARLOS LÓPEZ VALCARCEL e DON JUAN RODRÍGUEZ ARIAS ao Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución da Rúa Santiago.

SEGUNDO.- Desestimar as alegacións presentadas por DONA PURIFICACIÓN ARIAS VÁZQUEZ E DON ALFREDO ÁLVAREZ VÁZQUEZ ao Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución da Rúa Santiago.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente o Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución da Rúa Santiago.”

Con base no anteriormente exposto propono que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por DON JOSÉ CARLOS LÓPEZ VALCARCEL e DON JUAN RODRÍGUEZ ARIAS ao Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución da Rúa Santiago.

SEGUNDO.- Desestimar as alegacións presentadas por DONA PURIFICACIÓN ARIAS VÁZQUEZ E DON ALFREDO ÁLVAREZ VÁZQUEZ ao Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución da Rúa Santiago.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución da Rúa Santiago.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Ibán Torres dando explicando a proposta da Alcaldía .

Intervén D. Jaime Germán Vázquez. Manifesta que seguen decindo o mesmo. Houbo un momento en que decía se era camiño público, pero hai un documento privado, documento de compra venda da leira, un camiño de servidume. Cando menos, parece que hai indefensión dos propietarios. Anuncia o seu voto en contra da proposta.

Intervén D. Emilio José Sánchez, manifestando que hai dúas alegacións que van por camiños moi distintos. A que presentan dona Purificación e don Alfredo é unha proposta xa que non están de acordo cos metros e co que se lle vai pagar, incluso chegando a un acordo con eses propietarios sería factible. Onde non están de acordo, e co outro lado. Aínda que hai un informe que di que é camiño municipal, hai outros informes de empresas externas que din o contrario. Dúbida de que sexa unha vía municipal. Continúa manifestando que xa se falou en máis plenos e que unha cousa é asfaltar un camiño e outra cousa moi distinta é facer un novo camiño municipal. Polo tanto anuncia que eles non van votar a favor da proposta, porque cren que isto se debería mirar máis, máis aló que se debe arranxar.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que esta proposta da rúa Santiago é a cuarta vez que ven ao Pleno. A única resposta que se tivo cando o Grupo Popular presentou unha moción neste Pleno, de que retomaran o proxecto sempre foi un no. Agora ás alegacións que presentan os veciños, tamén é un non e estase tgraballando nelo. Todas as mocións que se levan presentando neste ano, sempre é un non. Esas porpostas do Grupo Popular, todas, son froito de reunións que teñen con veciños, inquietudes veciñais e necesidades inminentes, que non son mocións tipo. Pregúntase porque non se tratan todas as zonas de igual xeito. Os veciños de Monforte pregúntanse porque non se tratan todas as zonas do mesmo xeito. Di que eles queren que se traten a todas a obras urbanísticas por igual e que, se abre unha rúa, que se dea o mellor xeito na saída. Anuncia o seu voto en contra da proposta. Manifesta que terá que acudirse a vía xurisdiccional civil ou penal.

Intervén D. Ibán Torres di que cando se di non a algo é sempre motivado. Aquí non se presentan propostas contra ninguén. Pregúntase que mocións se presentan contra alguén. Aclara que o concepto de urbanizar e asfaltar é distinto. Manifesta que está clro o motivo do rexeitamento las alegacións presentadas. Pregúntase cal é o motivo de dicir que utilizaríase á vía xurisdiccional penal.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que foi un erro dicindo penal quería dicir xudicial. Manifesta que non se está asfaltando nin urbanizando por igual. Hai outras zonas que se poderían tratar doutro xeito, como estase vendo na rúa Santiago. A fórmula sería falar cos veciños e levala por outra zona.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. José Luis que é grave o que dixo. Falou sen saber do que está falando xa que cando se urbaniza tamén se asfalta. Primeiro hai que saber de que trata a proposta. Estase a falar na proposta da rúa Santiago, que non ten nada que ver coa rúa Martínez Andrade, porque a rúa Santiago chega dende Facenda ata a rúa Chantada, onde están unidas. Se non son as

mesmas rúas, non as pode mezclar, xa que son vías diferentes, unha xa está e outra non está desenvolvida. En relación coa afirmación de que é o non polo non, non diga esas cousas, porque non é certo. Di que eles dixeron que a rúa Martínez Andrade será acometida porque está nas Normas Subsidiarias de Planeamento, non forma parte da rúa Santiago. Vostede non sabe se se reúne cos veciños ou incita aos veciños, pero non veña aquí de home bo cando é vostede o que lle di aos veciños. Fai poucos días estaba incitando aos veciños que fixeran manifestacións pola obra da piscina, como haber este tipo de cousas, había xente diante que lle escoitou dicir a vostede iso, polo tanto non é o mesmo falar cos veciños que incitar aos veciños. Vostede esta nomeado representante do Concello nun colexio, unha representación que o grupo de goberno cedeu. Acláralle que non está representando ao PP, está representando ao Concello e vostede vai ao colexio en vez de informar no que pasa nos consellos escolares vostede se adica a facer xestións coa Xunta para arranxar os problemas. Ten obrigación de facelo e informar ao Concello, en política hai que saber estar. Se estivera ben informado antes de dicir o que di, non diría o que dixo sobre a travesía de Celso Emilio Ferreiro. Mire vostede ese trozo de rúa que queda para unir ás dúas rúas, non se pode facer, porque non é urbanizable. Cando no ano 2000 se fixo a zona B, C e D incluía un paso soterrado ata a vía e iso abarca a Francisco Moure, que cre que é rúa Poeta Manuel Antonio. Ise ámbito ou se desarrolla todo, ou se fai o que se fixo na zona C ou non se pode facer. Faise o que é legal, e iso o que está propoñendo non é legal. Para poder facer iso hai que volver a modificar as Normas de Planeamento, recoméndalle que cando interveña infórmese ben.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría, con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, cinco votos en contra dos concelleiros/a do Grupo municipal Popular e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros do Grupo municipal do BNG.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA QUE O GOBERNO DA XUNTA SE FAGA CARGO DA UAD DE MONFORTE DE LEMOS

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

“Instar a la Xunta de Galicia, a que asuma e integre de forma urgente en la Consellería de Sanidade a la UADS de Monforte de Lemos y las de otros 12 ayuntamientos, de acuerdo con los compromisos adquiridos en junio de 2022, en un cronograma que fue proporcionado por la xunta de Galicia, donde se reflejaba que en enero de 2024 estarían ya integradas dichas UADS en la citada Consellería de Sanidade”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que este punto se debaterá co punto número 12 moción de Esperta Monforte.

Intervén D^a Gloria M^a Prada Rodríguez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Manuel Luaces di que dende o BNG o seu compromiso en este asunto é innegable. Xa trouxeron no pasado pleno o tema do psiquiatra do hospital e anuncia que van votar a favor. Quere lembrar que Galicia

rexistra a segunda maior taxa de suicidios do Estado, o que anima a que tomen cartas no asunto e intentar solucionar o problema canto antes.

Intervén D^a Katherinie Varela di que, antes de entrar no punto, ten que permitirlle dicir cre que o dixo do Consello Escolar ten que darlle a razón pero cre que non é un tema para falar desa maneira nun Pleno. Centrándose na moción gustaríalle falar do tema do déficit de psiquiatras que existen e tamén, polo tanto, afecta á Unidade de drogodependencias, do mesmo modo que ao concello lle está costando atopar un psiquiatra tamén hai esas dificultades no Sergas. Ninguén nega que o Concello está asumindo unha competencia da Xunta de Galicia, gustaríalle aclarar o que está facendo o Sergas que se está pechando un proceso selectivo urxente. Manifesta que non se pode deixar que as urxencias psiquiátricas se esteán realizando no HULA. Di que se está traballando arreo, dende o Hospital, para que se poida traer un psiquiatra dende o HULA, como se fai noutras especialidades. Gracias a área ineegrada pode facerse uso dos recursos do HULA. En canto a que se cumpran os compromisos de que a Unidade de drogodependencias pase á Xunta, di que eles van votar en contra porque a Xunta de Galicia está traballando nelo e firmou nun convenio coa FEGAMP que asume ese compromiso de ter, como competencia propia, a xestión das unidades de drogodependencias. O que pase é que nesas negociacións solicitaron informes do persoal que hai nas unidades de drogodependencias, hai personal médico e psicólogos para os que non existen esas categorías profesionais no SERGAS. O que si é certo que a Xunta de Galicia esta outorgando todos os recursos económicos posibles para que funcionen esas unidades de drogodependencias.

Intervén D^a Gloria M^a Prada en relación coa actuación dos representantes municipais nos Consellos Escolares. Di que isto é un aviso para que todos os representantes municipais para que están en órganos, o que é de gravidade absoluto é que este Alcalde se entere porque así llo transmitiron uns país. Non pode dicir que vai facer todas a xestións na Xunta para que isto se subsane. Vostedes son representantes do Concello nese consello escolar, iso é inaceptable, isto non é un problema de onte, xa leva bastante tempo este problema, e eles o descoñecían. Esta aclaración é para que todos os representantes do Concello llo comuniquen ao alcalde. En canto ao outro tema, a Xunta non ésta facendo nada, di que vai retomar o cumprimento dos calendarios, desas reunións nas que dixo que no ano 2024 íase asumir drogodependencias, non se está en ninguha guerra coa Xunta de Galicia, hai Concellos de diferentes cor política, éstase asumindo unha competencia que é impropia, para iso eles enviaron toda a documentación que lle requiriron o Alcalde decidiu que eles seguirían alquilando ese local, sabe D. Germán que si o Sergas ten problemas para contratar para psiquiatra.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que non sabe que o de utilizar guerra, senón batalla, non está de acordo que digan dende o PP que van votar en contra, axudar e instar á Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia, neste tema, non o está facendo ben, e como mínimo deberían ir todos a unha, a maiores fala do presuposto da Xunta. Reitera que non di que se teña que facer dunha maneira ou doutra, piden que a maior brevidade posible se faga o posible para subsanar este tema, é indecente que a Xunta de Galicia non faga nada. Fala de atrasos grandísimos a xente esta sen vez, é un problema gravísimo. O que hai que facer é tomar moi en serio estes temas, seguir insistindo á Xunta de Galicia, estarán con é enl que en tres anos é moito tempo. Estránalle moito que este goberno non sexa quen para contratar un psiquiatra, ao mellor hai unhas prioridades.

Intervén D. Manuel Luaces di que en relación co que falaba D^a Katherinie Varela di que si que hai,. O que hai que darlle son condicións e pagarlle como corresponde. A saúde mental non pode depender do que teñas na túa conta bancaria. Dende o Hospital se lle daba apoia á unidade de drogodependencia, ao mellor esa saturación de traballo é que fai que se queiran marchar os psiquiatras de Monforte. Para unha persoa que ten unha enfermidade mental non vale que un día o atenda un psiquiatra e outro día outro. É claro agora que cando falaban ao perder a aérea sanitaria de Monforte, non é a solución, están traballando nelo, pois moi ben. Con respecto ao colexio A Gándara manifesta que nos últimos catro anos, non se presentaron nunca os concelleiros do Partido Popular.

Intervén D^a Gloria M^a Prada para matizar que a palabra guerra a utilizou D. Germán. Inofirma que se realizaron dous procesos selectivos. Un quedou deserto, e noutro se presentou unha persoa e renunciou.

Acta pleno ordinario 24.06.2024

Convocouse un proceso selectivo e, en breve tempo, procederán a unha nova contratación. O Concello de Monforte é, dos trece, o único concello que estabilizou ao persoal do drogodependencias. Manifesta que en relación coa involucración co servizo e cos usuarios a Xunta non está facendo nada, D^a Katherinie, iso provoca que se teñan que derivar a todos os pacientes a Lugo, cunha lista de espera impresionante.

Intervén D. Jaime Germán entende que votaran a favor da súa moción e da as grazas. Di que el tamén esta nun consello escolar, si lle permite o Sr. Alcalde, ten que recoñecer que falaron do tema das canastras, o meteu por rexistro, dixeron que non había presuposto, di que el buscou unhas canastras que están chegando. Di que el fixo de correo de transmisión. Espera que iso non sexa ningunha cousa impropia da xestión. Gustaríalle que llo aclararan.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o está facendoo mal. O que se lle contestou non foi que non había canastras, o que se lle dixo foi que non era competencia municipal. As canastras son algo estrutural e polo tanto é competencia da Xunta. O que ten que facer é trsaladar ao Concello as cuestións que falen no Consello Escolar. Se está facendo cousas impropias, pois vostede mesmo.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES PARA CONTRIBUIR A REDUCIÓN DE DESPOBOAMENTO NO RURAL.

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Popular, e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal de Esperta Monforte-Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Coa finalidade de contribuir á redución do despoboamento do rural, modificar a ordenanza fiscal establecendo unha bonificación do 50% na conta íntegra do imposto de bens inmuebles para aqueles inmobles de natureza urbana ubicados nas parroquias do concello de Monforte e sempre que o inmovle constituía a vivenda habitual do suxeito pasivo do mesmo. Entenderase por vivenda habitual a efectos desta bonificación, aquela que figure como domicilio do suxeito pasivo no Padrón de habitantes”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. :Emilio Ivan Vázquez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles vanse abster porque cren que seguirán traendo o tema da baixada do IBI xeral.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que é certo do que se contou na exposición de motivos, vostede se contesta ao que se debe de facer, a falta de servizos, de saneamento. Pon de manifesto que a pasada lexislatura foi un fracaso. Non se paliou ningún dos problemas que é o gran reto demográfico. Fala dun anuncio que fixo a Xunta sobre a vivenda, só chegou con 7 cidades de Galicia. A Xunta é quén ten competencias, o Concello pode facer algo, indudablemente. Di que eles queren que os impostos que se recauden no entorno rural, revirtan no entorno rural.

Manifesta que que son iguais todos os veciños de Moreda, Rozabales iguais que os veciños do Cardenal, pero tamén teñen as mesmas obrigas. Di que eles non van apoiar esta iniciativa. O que di a exposición de motivos é facer trampas. Saben que os inmobles dos que estase falando son edificacións, porque o resto de fincas pagan o 0,38%. Son partidarios de reducir o IBI a nivel xeral. Manifesta que os remanentes repercutan nos bolsillos dos cidadáns e son partidarios de que se invirta do que se xenera no entorno rural.

Intervén D. Ibán Torres di que despois de dúas lexislaturas o Grupo Popular ven a describir a causa do despoboamento do rural. A perda da poboación do rural ven dos anos 90, sería difícil de buscar responsabilidade do actual equipo de goberno. A perda de poboación levou de 21 a 17 concelleiros, compara datos que non comparables, na costa aumentou, polo tanto é incomprable estaría ben se comparara coa media do interior de Galicia. Pregunta ao voceiro do Grupo popular si se molestou en contabilizar en canto ascende, en cifras, a modificación proposta. No rural os servizos municipais son máis baratos. Pregunta ao voceiro do Grupo popular si cre que unha bonificación do 40% , como a que propón, vai a provocar un aumento da poboación do rural. Chantada 0,40€, Quiroga 0,48 €, etc entende que aos seus colegas do partido popular que bonificaran o IBI, con todo respecto que o que vostede propón non é ningunha solución para o despoboamento no rural. Vostede botou contas a canto ascende ese aforro.

Intervén D. Emilio Iván Vázquez e preguntalle ao Sr. Torres si leu o que di a moción. Don Ibán Torres estase referindo a bens de natureza rústica e a porposta do Grupo popular refírese a bens de natureza urbana ubicados no rural. Non vai a solucionar a situación económica non, pero é unha vantaxe. A baixada proposta vai compensar a subida que tivo no rural. En relación con unha solución definitiva manifesta que ninguén ten a barita máxica de todo. O PSOE estivo gobernando na Xunta, con competencias no rural. Se estiveron gobernando e deixaron de gobernar por algo sería. En relación coa afirmación de don Emilio de que cada vez vive menos xente no rural. Resumiondo. A todos os Grupos se lles enche a boca con políticas de desenvolvemento rural pero non é un problema do centro de Galicia. É un problema nas diferentes Comunidades Autónomas gobernadas por diferentes partidos políticos. A proposta plantexada é para que este Concello contribúa para reverter esa situación.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles queren que veña máis xente, o despoboamento do rural de que é unha forma deliberada, ten esa sensación. Galicia hai o maior número de núcleos rurais do Estado Español e iso non interesada, é moi sinxelo, di que se quere vivir como eran. Para fixar poboación no rural igual ten máis que ver que haxa pediatras, que haxa médicos, que haxa escolas, que a propia rebaixa do IBI, a cousa é máis importante do que sexa unha iniciativa para intentar facer desgaste político. Cren que no sistema que están se necesiten eses impostos para despois revertir, porque son poucos, el quere ser dunha parroquia e ter os menos dereitos que teñen no centro do pobo e as mesmas obrigas.

Intervén D. Ibán Torres di que non lle contestou non sabe se non se atreve a contestar. O rural se fomenta crendo nel. Aumento das explotacións, dotando de servizos, posibilidade de emprego, todo iso é o que debe fomentar a Xunta de Galicia. Non hai baritas mágicas, son exclusivas competencias da Xunta de Galicia, o Sr. Feijoo, lamentablemente non puxo ningunha vía eficaz para a baixada da poboación, o que pón vostede aquí é “conto novelado”, fala de ridícula do imposto, pero iso non serve para evitar o despoboamento rural, vostede sabe cal é a cantidade resultante que vostede pide, dende logo a finalidade desa cantidade é contribuir ao despoboamento no rural, o seu voto será en contra, porque isto é unha tomadura de pelo. Senón diga cal é esa cantidade.

Intervén D. Emilio Iván Vázquez lease a moción bonificando o 50% polo seu imposto de urbana, cada un tendrá a súa casa, vostede vive nun chalet e el vive nunha palleira, o aforro será o do 50% sobre ese imposto, non sabe para o Concello, de todos os bens urbanos ubicados nas parroquias, cando se están gastando gastos. Hai xente que está encantada para fomentar que vivan no rural.

Intervén o Sr. Alcalde di que fala vostede de moitas cousas que non benefician ao rural para nada. Se vostede fala de rústico sabe canto é o padrón de rústico do Concello, son 60.346,24 euros o que vostede propón aféctalle ao concello 30.118,48 euros , se vostede suprimindo os recibos de menos de 3 euros que non se cobran, sállelle a menos de 18 euros, se vostede quere ir a urbana, por certo, a urbana no rural, ten valor catastral menos que a urbana na cidade, se unha casa no urbano 200 euros, esta falando que 100 euros/ ano no rural vai elevar xente no rural. A el non lle gusta iso que di de baixar impostos aos que teñen, se vostede lle garantiza que ven máis xente ao rural por 100 euros, di que vai con vostede. Baixar o IBI, non o van a facer. Di que son dos Concellos que teñen o IBI máis baixo, porque os Concellos de arredor, Bóveda, Saviñao, Pantón, fixeron unha revisión da ponencia de valores, é dicir, ao final pagan máis que pagan en Monforte,

hai algúns que tener porcentaxe superior que en Monforte. Fagan eses cálculos, di que eles non revisaron a ponencia de valores, nin a pediron nin o fixeron de oficio. Di vostede unha cousa de que subiu o lixo, a limpeza, a auga, no rural non subiu, eles non subiron o lixo, o que subiu foi o que está no contrato a actualización do IPC, e no caso da auga, o que sube o IPC, o que está nos contratos, ningún deles asinados polo equipo de goberno. Di que está nunha cousa de acordo con vostede, que o despoboamento rural é unha cousa de Estado. As competencias do medio rural a teñen as comunidades autónomas, a Xunta de Galicia. Sabe vostede que Sogama non pasou o cobro ningún recibo no que vai de ano, porque queren subir un 30%a recollida de lixo, e claro como había eleccións de todo tipo as autonómicas e europeas, pero agora están retomando o tema, esta creando un problema nos Concellos, porque non está facturando e despois vai vir todo xunto cunha suba do 30% e lóxicamente segundo a lei iso hai que repercutilo. Enterese ben verá que isto que esta dicindo vai ser máis pronto que tarde.

Sometido o asunto a votación rexeitase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, catro votos en a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, e tres abstencións dos concelleiros dos Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A RECUPERACIÓN DO RANGO DAS POLÍTICAS DE IGUALDADE NO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA DO PARTIDO POPULAR.

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do grupo Municipal de Esperta Monforte-Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

“1. Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes sexan eixo vertebrador e transversal das políticas do Goberno galego.

2. Que, cando menos, se lle devolva o rango Secretaría Xeral que tiñan as políticas de igualdade entre mulleres e homes.

3. Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes e o seu órgano superior e de dirección dependan da Presidencia da Xunta de Galicia para garantir a súa aplicación transversal e integral.

4. Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero volvan a estar integradas no mesmo órgano superior e de dirección”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Margarita Rodríguez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que están de acordo xa que a igualdade é importantísimo para a sociedade, pero é certo que este tema non é de dirección xerais, hai que traballar no tema educacional que moitísimo máis importante, hai que recoñecer que cambio moitísimo, afortunadamente a el o criaron nun tema de igualdade. Isto vale un pouco para todos, sendo importante que sexa unha Secretaría Xeral, incidir no tema educacional.

Intervén D. Manuel Luaces dicir un pouco o mesmo que o seu compañeiro, están a favor da loita pola igualdade e en contra da violencia de xénero, entenden que non se pode baixar o rango da cagoeg'ria que tiñan ata de agora e van votar a favor.

Intervén D^a María Luisa Vázquez di que cre que a Xunta de Galicia de sempre amosou ao longo de y todos os anos o seu compromiso coa igualdade, e quitar un rango de Secretaría Xeral e agora manter dúas direccións, é un cambio de traballar. Di que o seu compañeiro defendeu o tema de violencia de xénero como unha lacra social e ademáis pode ter unha repercusión importante en canto a un tema de saúde pública, os nenos vanse computar dunha maneira violenta, o primeiro que se vai poñer en marcha dende a Xunta de Galicia, nos

Acta pleno ordinario 24.06.2024

colexios vaise habilitar un modelo de prevención en temas de violencia de xénero, igualdade. Que é igualdade, igualdade nos seus puntos máis importantes é que teñen as mesmas ooprtnidades laborales os homes como as mulleres, Galicia é a terceira comunidade autónoma de España con maior número de incremento no tema laboral . Di que son o primeiro país da Comunidade Económica Europea, onde hai menos meulleres contratadas. Falen vostedes de igualdade en cuanto ás mesmas condicións laborales, nas empresas de tecnoloxía hai moitas máis mulleres contratadas que homes. Di que este non é un goberno que non defensa a igualdade, di que dende as consellerías se promove o emprego da muller. Cantas veces o fan vostedes dende o Concello para que emprender as mulleres.

Intervén D^a Margarita López di que ao partido socialista lle dean leccións en temas de igualdade, é un pouco sorprendente. Estase traballando moitísimo dende este Concello, levan traballando continuamente todos os trimestres cos nenos. O tema non é se hai 20 concelleiras, o tema de igualdade é transversal, a directora xeral de promoción de igualdade, é periodista, non di que non será unha boa directora, en materia de igualdade a eles non o gañan, todas as leis de violencia de xénero e igualdade as fixo o Partido Socialista, e logo se suben ao corro vostedes. O Plan EMEGA levan funcionando dende o bipartito e antes, son fondos europeos para fomentar a igualdade. O que falaba de que o concello hai axudas para emprendedores para emprendedoras, o plan EMEGA é un plan específico, tamén é para as empresas que levan anos funcionando, con iso non di nada, é o que teñen que facer é o seu traballo, nin máis nin menos.

Intervén D. Manuel Luaces di que o director xeral que nadfa mais comenzar no cargo, ao mes seguinte, non ten nada que dicir un concelleiro da Illa de Arosa recupere o seu cargo cando agrade a súa parella. É que dixo “háganselo ver”.

Intervén D^a Maria Luisa Vázquez fala das axudas a emprendedores.

Intervén D^a Margarita López di que é aquí non ven a desprestixiar a ninguén ven falar de políticas de igualdade. Os plans de emprego o levan as comunidades autónomas. Di que ela está nun concello traballando pola igualdade e máis, deixándose a pel no seu servizo, hai que tomalo moi en serio, va de aptitudes. En mateira de igualdade ao partido socialista cero cero cero.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que ten que dicir algo, non sabe se estaba falando en nome do PP ou en nome de Vox, non sabe lle mandaron dicir o que dixo. Empezou falando de que o director xeral é un maxistrado, iso non é garantía de nada, non sabe como é ese señor. O que se sabe é que se baixou de rango, ten o DOG onde o di. Non ten o mesmo peso unha Secretaría Xeral que unha dirección xeral, fala vostede que teñen 28 alcaldesas e que é o 40% , vostede dixo aquí 28 mulleres, que representaban ao 40%, como van representar as alcaldesas que teñen vostedes en toda Galicia, non chegan ao 14% , en Lugo é peor tiñan 5 e agora teñen 4, e logo fíxese vostede que igualdade practican na Deputación provincial, agora marcha unha deputada que había,e agora ven un home, que porcentaxe de mulleres na Deputación Provincial de Lugo, como se atreve a dicir iso. Vostedes cando gobernaron entre o 2011 e 2018 foi cando houbo o maior número de parados deste país, e botábanlle á culpa ao anterior, dende que esta gobernando o PSOE e se fixo a reforma laboral, os traballadores volveron a ter os seus dereitos, a máis de 2 mill'çons de traballadores máis dados de alta na Seguridade Social, e iso é o que importa, e vostedes saben son tan igualitarios, porque votaron en contra da suba das pensións e da suba do salario interprofesional, como teñen ese atrevemento a vir a queixarse aquí dese tema, pero por favor, ás veces un engánase porque se deixa enganar, os argumentos que teñen vostedes non dan. Vostedes retroceden, non avanza.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Acta pleno ordinario 24.06.2024

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Popular, e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Aprobar a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica no seu artigo cinco relativo ás bonificacións, contemplando a bonificación do 100% para todos os vehículos de mínimo de 25 anos de antigüidade, independentemente de que estean inscritos como antigos no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén dona Katherinie Varela dando lectura á moción.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que van votar a favor, porque xa estivo no seu momento, foi o BNG quén a mudou, entre outras cousas de que se recauden moitos cartos, non sería unha cuantía moi grande, hai moitos monfortinos non cambian o vehículo porque non poden, hai vehículos de máis de 25 anos, pero normalmente esa xente os ten inscritos como vehículos antigos, eles entenden que iso é relativamente sinxelo e non sería unha cuantía moi grande na recadación e impostos.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que o que non se pode é facer unha iniciativa, que terá un percorrido na prensa importante, hai que explicar o porque das cousas, ten un motivo técnico de por qué un coche de 25 anos, non consumen o mesmo espazo para aparcar, e aínda por riba escoitase cada cousa, entón que queren dicir que os Concellos de arredor están facendo iso para captar persoal. É unha incogruencia total ás veces as iniciativas, se quere non cotizar hai a posibilidade de rexistro o vehículo no rexistro histórico, e despois queren ser modernos, cosmopolitas. Co tema da emisión de gases, emisión de ruidos, isto todo vai en función de que estes vehículos, de feito os gobernos fixeron o Plan Renove. Hai pouco escoitou a unha deputada do sur de Lugo de que o alcalde de Monforte non pediu as axudas para a escola infantil, quén esta gobernando na Xunta, que veña a Xunta e faga unha escola infantil. O problema de fixar poboación non é isto, rebaixando un montón de cousas, pero propostas ningunha, pero teñen algunha proposta para fixar poboación, nin a primeira, polo tanto eles opden chegar a entender a iniciativa, pero traían un informe técnico e que eses coches non teñen porque pagar.

Intervén D. Ibán Torres saben que cando o alcalde chegou non había ningunha bonificación para os vehículos de 25% e foi este alcalde aprobou a bonificación. Di que escoitando a vostedes chegan a unha conclusións, aquí vaise llenar de xente. Nestes momentos vostede vai en dirección contraria á Unión Europea, as bonificación se fan para os vehículos que non contaminan, iso é o sensato hoxe por hoxe. Di que o equipo de goberno traerá a modificación da ordenanza adecuándose á actualidade, se a súa políticas para fixar poboación son estas, entón vaia por deus.

Intervén D^a Katherinie Varela di que estou vostede D. Ibán mou moderado. Hoxe nesta moción si que parecía o voceiro do partido socialista do equipo de goberno. Teñen políticas diferentes, neste pleno trouxeron bonificacións fiscais, trouxeron mocións e iniciativas moi variadas sempre que a vostede non lle gusta votar a favor das bonificacións fiscais, non fai falta que empregue un tono tan expresivo, di que eles que expuxo correctamente na súa intervención porque o consideran adecuado. Falando como fala é que parece que lle da igual non haxa plazas de gardería, o que si está claro hai persoas que teñen vehículos de máis de 25 anos que non os poden cambiar, como quedou máis que expresada a súa postura.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que non é cuestión de defender ao equipo de goberno, non é cuestión de votar en contra de vostedes porque sí. Aquí hoxe falouse de exencións fiscais, vostede non di, ciñese a xente que non pode cambiar o vehículo, pero vostede tecnicamente que ten un coche de 20 a un coche de 25 anos, por qué contaminan menos, fan menos ruído. Aquí eles veñen a fiscalizar ao equipo de goberno a traer propostas e a gobernar dende a oposición, vostedes pódense rir, di que eles teñen

que gobernar que lle din que non a todo, pero que ven máis 34 ollos que 24, sempre. Porque mañá ou pasado nas redes sociais, virá que o BNG votou en contra disto.

Intervén D^a katherinie Varela di que as bonificacións fiscais non se basan en cuestións técnicas senón tamén sociais, a primeira intervención parecía vostede Ibán Torres quería aclarar porque o que dixo vostede que a xente inscriba de máis de 25 anos no rexistro, non é fácil hai que cumprir unha serie de requisitos, que precisamente tampouco ten medios para ter ese vehículo histórico. Agradece ao que apoia.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D^a katherinie que propoña na Xunta que constrúa unha gardería en Monforte. Dille a D. Emilio que cando vostedes propoñen algo interesante votan que sí.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con trece votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE- GRUPO MIXTO PARA DOTAR DE PISCINAS AO AIRE LIBRE Á CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor do concelleiro do Grupo municipal de Esperta Monforte-Grupo Mixto e do concelleiro do Grupo municipal do BNG e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Dotar de unha zona de piscinas ao aire libre a cidade de Monforte de Lemos”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción.

Intervén D. Manuel Luaces manifiestando que van votar a favor porque trouxeron unha iniciativa similar na pasada lexislatura, cren que é importante que haxa piscinas municipais.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que o tema de piscinas non están a favor, o que si que están a favor que se habilite unha zona de baño no río, porque cren que facer unhas piscinas municipais é incrementar o gasto ao concello e non o ven necesario.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que xa no 2022 presentaron unha moción, o proxecto que eles presentan está en marcha, crear ese espazo único e sen comparación non so comarca, para que Monforte siga crescendo en turismo, en habitantes. Di que eles van seguir traballando para ter esa Praia fluvial.

Intervén o Sr. Alcalde que o que fixeron en Vilalba foi cambiar as piscinas vellas por unhas novas. E se fixera en Monforte tamén o fará.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con tres votos a favor do concelleiro do Grupo Mixto Esperta Monforte e dos concelleiros dos Grupo municipal do BNG e catorce votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular..

12º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE – GRUPO MIXTO PARA INSTAR Á XUNTA DA SÚA COMPETENCIA PARA CONTRATAR PSIQUIATRA E PSICÓLOGO DO CENTRO ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS.

O ditame é favorable á proposta cun voto a favor do concelleiro do Grupo municipal de Esperta Monforte-Grupo Mixto e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos

concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“1. Instar a Xunta de Galicia a que asuma a competencia da Unidade Asistencial de Drogodependencia de Monforte de Lemos.

2. Contratar a maior brevidade posible un psiquiatra e un psicólogo para a unidade asistencia de drogodependencia do noso concello”.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría, con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular.

13º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A RESPECTO DO CANLE DE REGADIO VAL DE LEMOS.

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor do concelleiro do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“1. Instar ao goberno do Estado a condonar a débeda da que é titular a Comunidade de Regantes.

2. Instar á Confederación Hidrográfica do Miño Sil á realización dun censo para a xestión dos cobros en toda a zona do Dominio.

3. Instar á Confederación Hidrográfiac do Miño-Sil á renovación da infraestrutura do canal por parte da confederación.

4. Instar á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil que non elimine a canle da marxe dereita da canle baixa de Monforte de Lemos

5. Instar ao goberno galego a realización dunha parcelaria ou agrupación de fincas, nas zonas afectadas polo canal, sen perxuízo das fincas con usos residenciais conforme á legalidade”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando o apoio á moción.

Intervén D. Emilio Iván Vázquez di que comparten tamén que se inste ás administracións que teñen competencias no mesmo. Benvidos a que se interesen agora polo desenvolvemento do regadío, non foi así no ano 2017, para declarar o regadío Val de Lemos zona de intensiva, o PSOE votou en contra e o BNG abstívose, están de acordo pero cunha serie de matizas, propoñen condonar a débeda, sería unha posible solución, sería en virtude dunha lei, sempre que haxa intención se pode conseguir. Supón se a Confederación vaise encargar de pasar a tarifa supón que un censo terá que facer, tamén supón que conta que todas as modernizacións que fgan nas infraestruturas van a ir dese canon de regulación e tarifa de rego, vai ir a cargo do canon de regantes. A Comunidade de Regantes ten a potestade para dicir onde se rega, non sabe se eles o teñen previsto. E despois considerando de solicitar á Xunta unha concentración parcelaria de toda a zona do regadío, é unha das cousas pendentes que está por facer, que é unha necesidade. O proceso de concentración parcelaria é un proceso longo ten unha duración mínima de 12 anos. Por todo o anterior, dicir que este grupo sempre estivo comprometido de solucionar o problema do regadío do Val de Lemos, en todos os puntos que vostede pon.

Intervén D. Ibán Torres di que propoñe unha modificación ao punto 5 da proposta da moción “ Instar ao goberno galego a realización dunha parcelaria ou agrupación de fincas, nas zonas afectadas polo

canal, sen perxuízo das fincas con usos residencias conforme á legalidade". Di que a concentración parcelaria é imprescindible para poñer en valor.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que agradece o voto anunciado favorable a todos os grupos. Antes a voceira do Partido popular de como defendía a iniciativa, e no seguinte punto, e votaron co goberno, escoiten ben e miren como cambian.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade coa modificación do punto 5 proposta polo grupo municipal socialista, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Procédese á votación da inclusión por urxencia do punto REMISION DE NOVO BORRADOR ADENDA DO CONVENIO COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL E O CONCELLO PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO POLIGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO T.M. DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) PDMS MIÑO-SIL ALCH0SBET29UR2024, resulta aprobada a inclusión por maioría, con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular.

14º.- REMISION DE NOVO BORRADOR ADENDA DO CONVENIO COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL E O CONCELLO PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO POLIGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO T.M. DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) PDMS MIÑO-SIL ALCH0SBET29UR2024

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

"Vista a acta da primeira reunión da comisión de seguimento do Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A e o Concello de Monforte de Lemos para a financiación, execución e entrega das actuacións de saneamento e depuración do polígono industrial do Reboredo, T.M. de Monforte de Lemos (Lugo), PDMS MIÑO-SIL ALCH0SBE29UR2024, do seguinte tenor literal:

"Acta da primeira reunión da comisión de seguimento do Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A e o Concello de Monforte de Lemos para a financiación, execución e entrega das actuacións de saneamento e depuración do polígono industrial do Reboredo, T.M. de Monforte de Lemos (Lugo), PDMS MIÑO-SIL ALCH0SBE29UR2024.

Asistentes:

. Confederación Hidrográfica del Miño-Sil : Joaquín José López Sánchez, Director Técnico Adjunto de la CHMS.

Ayuntamiento de Mofnorte de Lemos: José Tomé Roca, Alcalde Monforte de Lemos

Con fecha 28 de junio de 2023 se reúnen por videoconferencia los asistentes, dándose inicio a la reunión a las 9:30 horas.

El representante de la CHMS expone que, debido a la necesidad de tramitar la expropiación de los terrenos necesarios para ejecutar las obras, gestiones que ocuparán buena parte del año 2023, se hace imposible agotar la anualidad económica prevista para ese año en el Convenio suscrito al efecto. Propone por ello modificar dichas anualidades de la siguiente forma, destacando que estos cambios no alteran el volumen de inversión total ni las anualidades a disponer por el Ayuntamiento de Monforte de Lemos.

	2023	2024	2025	2026	Total
--	------	------	------	------	-------

CHMS	485,15 €	1.183.500,00 €	1.913.056,20 €	812.958,65 €	3.910.000,00 €
Ayto Monforte	86.556,20 €	316.500,00 €	286.943,80 €		690.000,00 €
Total	87.041,35 €	1.500.000,00 €	2.200.000,00 €	812.958,65 €	4.600.000,00 €

El representante del Ayuntamiento de Monforte de Lemos responde que no hay inconveniente a proceder con el reajuste de las aportaciones de la CHMS tal como se indica siempre y cuando la aportación del Ayuntamiento en los años 2024, 2025 y 2026 se reparta de forma igual entre dichos tres años, según el siguiente detalle, comprometiéndose por su parte a aprobar el reajuste en un plazo máximo de cuatro días hábiles.

	2023	2024	2025	2026	Total
CHMS	485,15 €	1.183.500,00 €	1.913.056,20 €	812.958,65 €	3.910.000,00 €
Ayto Monforte	86.556,20 €	201.147,93 €	201.147,94 €	204.147,94 €	690.000,00 €
Total	87.041,35 €	1.384.647,93 €	2.114.204,13 €	1.014.106,59 €	4.600.000,00 €

Se acuerda por lo tanto elevar la propuesta recogida en el cuadro anterior, a la que dan conformidad ambos asistentes a la reunión. "

Na citación da Comisión de Seguimento o Concello comprométese a aprobar o reaxuste nun prazo máximo de catro días hábiles con base no disposto no artigo 21.1.k) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Con data 15.05.2024 a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil remite borrador de adenda modificativa do convenio para reaxuste de anualidades no convenio de actuacións para mellora do saneamento e depuración do polígono industrial do Reboredo do seguinte xeito:

Anexo I Modificación de anualidades

ADMINISTRACION	2023	2024	2025	2026	TOTAL
CHMS, O.A	73.985,15 €	386.252,54 €	1.797.073,51 €	1.744.620,01 €	4.001.931,21 €
AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS	13.056,20 €	68.162,21 €	317.130,62 €	307.874,12 €	706.223,15 €
TOTAL	87.041,35 €	454.414,75 €	2.114.204,13 €	2.052.494,13 €	4.708.154,36 €

Con data 20.06.2024 a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil remite borrador de adenda modificativa do convenio modificando a cláusula cuarta relativa á eficacia tras a observación recibida no informe preceptivo da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico do seguinte xeito:

"CUARTA.- Eficacia

La adenda resultará eficaz desde que se formalice por ambas partes, mediante su suscripción antes de la expiración del plazo de vigencia del convenio.

En todo caso, las partes solicitarán al órgano competente, dentro de los días hábiles siguientes a la suscripción de esta adenda, que lleve a cabo las actuaciones oportunas para su inscripción en REOICO, para lo que acompañarán uno de los ejemplares firmados de la misma. Asimismo, la Adenda será publicada en el "Boletín Oficial del Estado".

Con base no anteriormente exposto PROPOÑO ao Pleno da Corporación, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da cláusula cuarta proposta pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil no Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A e o Concello de Monforte de Lemos para a financiación, execución e entrega das actuacións de saneamento e depuración do polígono industrial do Reboredo, T.M. de Monforte de Lemos (Lugo), PDMS MIÑO-SIL ALCH0SBE29UR2024 do seguinte xeito:

"CUARTA.- Eficacia

La adenda resultará eficaz desde que se formalice por ambas partes, mediante su suscripción antes de la expiración del plazo de vigencia del convenio.

En todo caso, las partes solicitarán al órgano competente, dentro de los días hábiles siguientes a la suscripción de esta adenda, que lleve a cabo las actuaciones oportunas para su inscripción en REOICO, para lo que acompañarán uno de los ejemplares firmados de la misma. Asimismo, la Adenda será publicada en el "Boletín Oficial del Estado".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil O.A."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que existe un erro "dentro de los días hábiles siguientes a la suscripción de esta adenda" que días hábiles pregunta, a adenda pón que son catro días hábiles.

Intervén o Sr .Alcalde dicindo que se comprobando o tema dos días que di a voceira do Partido Popular se existe un erro.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría, con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e dos concelleiros do Grupo municipal do BNG.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

15º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (09.05.2024, 24.05.2024, 05.06.2024, 07.06.2024).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

16º.- ROGOS E PREGUNTAS. Preguntas Partido Popular .

.- Quén pagou os baños portátiles e os regalos personalizados que se entregaron así como en que consistiron eses regalos, que se entregaron a 500 xubilados da UXT no pavillón Dr .López Suárez o día 08 de xuño deste ano?

Resposta o Sr. Alcalde manifestando e ensinando os agasallos personalizados que era unha guía do camiño de inverno e o plano de Monforte, eso foi o que se regalou e o que van seguir regalando a todos aqueles que teñan interese en coñecer Monforte.

.-En que situación se atopa a grúa municipal e que empresa e a concesionaria da mesma na actualidade?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o contrato está caducado a empresa DESGRU, en breve se quitará a concurso.

Rogos Partido Popular:

Rogo que se habilite un aparcamento nas oficinas de farmacia da nosa cidade como existen noutros Concellos para que poidan parar coches con persoas que teñan mobilidade reducida ou discapacidade.

Resposta o Sr. Alcalde é conveniente que mire noutras cidades nos cascos históricos.

Rogo inste a Confederación Hidrográfica Miño-Sil de reparar a rúa do canal que ven dende Ribasaltas ata a rúa Chantada, así como que inste á Confederación a reparar todas aquelas rúas que dependan da súa competencia e que se encontran en mal estado.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que calquera reparación dun camiño de regadío vai riba da comunidade de regantes, por normativa. Este tipo de cousas se as decoñecen hai que ter coidado porque estase cargando aos regantes e non sabe se estarían moi de acordo co isto.

Preguntas Esperta Monforte-Grupo Mixto.

.-Están avisados os propietarios da vivenda da praza do Conde de caída de parte do tellado da súa vivenda.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que el persoalmente lle dixo que tiñan que mirar ese trozo de teito que é un desprendemento cara o interior.

.- Que ten pensando facer este equipo de goberno cos traballadores da piscina municipal que actualmente dependen de Tragsa.

Resposta o Sr. Alcalde di que están vendo posibilidades coa empresa da que dependen agora mesmo. Durante o tempo hai que analizar cales son as posibilidades e se lles dirá aos traballadores antes de dicirlllo a ninguén.

Rogo Esperta Monforte-Grupo Mixto

Pregamos teñan a ben repoñer o peche da pista do parque López Suárez.

Resposta o Sr. Alcalde se hai algún desperfecto o mirarán.

Preguntas do BNG

.-En pasados días, aínda que hoxe funcionaba con normalidade o bus urbano, estivo empregándose para o servizo outros autobuses, cando no prego de condicións se dicía que tiña que ser con un autobús semellante se hai unha avería no autobús, ten previsto tomar medidas o goberno municipal.

Resposta o Sr. Alcalde di que as cousas lle gustarían que fosen perfectas, pero os autobuses teñen que pasar revisións, e se presta o servizo con outro autobús, de todas as maneiras toman nota e pidaran explicacións á concesionaria.

.- Ten previsto o equipo de goberno algunha actuación na Sociedade La Fraternal.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que é unha cousa e dar unha axuda e outra cousa é acometer unha obras de conservación do cine, porque non é unha competencia municipal.

Rogos do BNG

.-Tomen medidas de carácter urxente para asegurar os problemas na rúa Escultor Francisco Moure, debido á presión da auga.

Resposta o Sr. Alcalde di que xa sabe moitas cousas que non verdade, “centos de persoas estiveron non sabe canto sen auga”, mentira soamente foron as persoas do paso a nivel para arriba, faltoulle soamente a esa zona, que a todos disgusta que iso pase., xa o dixo aquí algunha vez, esta tubería está en moi mal estado toda ela, haberá que darlle algunha solución, haberá que mirar de onde se quita a financiación e o percorrido onde impacte menos, con menos zonas habitadas e asegurar os servizos que prestan no polígono esas empresas e non teñan ningún problema.

.- A rúa que hai entre o supermercado Lidl e Gadis que se regule o tráfico nesa zona.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o tema desa rúa que vostede di, non lle consta que houbera unha entrega formal ao Concello, de todas maneiras van a míralo.

Remata a sesión ás once horas e dezasete minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, certifico.

VºBº

O ALCALDE